

Boletín 1

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA

MTBO LONGA DISTANCIA

4^º CARREIRA DA XII LIGA
GALEGA DE ORIENTACIÓN
EN BICICLETA MTBO

14 de abril de 2024

CORUXO - VIGO





ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN	3
2. NORMATIVA	3
3. PROGRAMA PROVISIONAL	3
4. EMBARGO DA ZONA DE COMPETICIÓN	3
5. CENTRO DE COMPETICIÓN / COMO CHEGAR / SERVIZOS	4
6. O MAPA	5
7. INFORMACIÓN TÉCNICA	6
8. CATEGORÍAS E PARTICIPACIÓN	7
9. INSCRICIÓN	7
10. PREZOS	8
11. NORMAS ESPECÍFICAS DA PROBA E RECOMENDACIÓNS	9
12. INFORMACIÓN DE SEGURIDADE	10
13. XURADO TÉCNICO	10
14. EQUIPO DE ORGANIZACIÓN	10
15. CONTACTOS	10
16. ORGANIZADORES / COLABORADORES / PATROCINADORES	10





1. PRESENTACIÓN

O presente boletín **sustitue** totalmente o boletín inicial anterior por cambios no centro de competición do evento.

O **Clube Raza Palleira** organiza o domingo 14 de abril de 2024 o “**Campionato Xunta de Galicia - MTBO Longa Distancia**” que ademáis será a “**4ª carreira da XII Liga galega de orientación en bicicleta MTBO**”.

O evento terá como centro de competición a “**Sede da asociación de festas de San Sebastián de Fragoselo**”. [Maps](#)

2. NORMATIVA

A normativa aplicable é a vixente da Federación Galega de Orientación 2024.

Enlace ás [Normas anuais FEGADO](#) e [Regulamento de Orientación MTBO](#).

3. PROGRAMA PROVISIONAL

Domingo 7 de abril de 2024

23:50 Peche de inscricións

Domingo 14 de abril de 2024

09:00 Apertura da Secretaría no centro de competición

10:00 Saída dos primeiros competidores

14:30 Finalización do evento e entrega de trofeos


4. EMBARGO DA ZONA DE COMPETICIÓN

Procédese ao **embargo da zona de competición** que se presenta como anexo no seguinte documento ([Anexo da zona embargada](#)). [Google maps](#)

5. CENTRO DE COMPETICIÓN / COMO CHEGAR / SERVIZOS

O Centro de Competición estará situado na “**Sede da asociación de festas de San Sebastián en Fragoselo, Coruxo, Vigo**”. [Maps](#) (coordenadas 42.18005, -8.76695)

Aqueles deportistas que pernoctaron no Chan duro, poden facer uso da bicicleta para acercarse directamente ao centro de competición a 1,3km 100m desnivel. [Enlace](#)





[Enlace ao mapa](#) das **localizacións** e **servizos** do evento:

- **Centro de competición.** Apertura as 9:00h.
- **Área de competición.** Concello de Vigo.
- **Parking.** Existe espazo para o estacionamento dos vehículos.
- **Avituallamento** líquido e sólido ao final da carreira.
- **Ambulancia.**
- **Duchas.** No propio centro de competición.
- **Chan duro** no CEIP a Paz-Tintureira. Horario de apertura venres as 21:00 e peche domingo as 17:00. ¡Inscríbete no [formulario enlazado](#)! É o mesmo formulario que O-Pé, cubriro unha única vez.
- Existen **aseos** no centro de competición.
- **Lavado de bicis.**
- **Bar** da comisión de festas de San Sebastián. Ademais das habituais bebidas, ofrecen bocadillos de lomo con queso e beicon con queso a 4€. Despois da carreira ofrecen menú baixo encargo a 20 € (empanada, churrasco, criollo, patacas, bebida, café e postre). **Data límite para encargos de menú Xoves!** Teléfono 674 78 33 28 Antía / 606 92 16 40 Rubén

6. O MAPA

O mapa “**Monte Maúxo**”, reúne as características ideais para á práctica das carreiras de orientación en bicicleta de montaña. A mesma zona xa foi usada para unha sección de orientación en bicicleta de montaña MTBO no PontevedRAID 2022, aínda que foi actualizado a finais de 2023.

Mapa “Monte Maúxo”	
Nome	Monte Maúxo
Cartógrafos	Adrián Pérez Alonso
Mapa Base	IGN
Ano de cartografía	2022 e 2023
Rexistro FEDO	PO-3526-24
Extensión	9,5 km ²
Escala de cartografía	1:15000
Equidistancia	10 metros
Altura Máxima	450 metros
Altura Mínima	60 metros

Mapa técnico con grandes diferenzas na ciclabilidade. O monte Maúxo situado na zona central da nome a este mapa.
 A gran densidade na rede de camiños, favorece a existencia de múltiples eleccións de ruta que alternarán pistas moi rápidas con sendas estreitas de descenso, ou con pistas anchas con pedras soltas ou grava.
 O mapa na súa zona central alcanza cotas de 400-450m sobre o nivel do mar, no norte a altura descende ata os 60m.

Mapa usado no 2022 ([anexo do mapa](#)).

7. INFORMACIÓN TÉCNICA

CATEGORÍA	DISTANCIA	DESNIVEL	CONTROIS	CATEGORÍA	DISTANCIA	DESNIVEL	CONTROIS
CATEGORÍAS NON OFICIAIS							
Promoción	No próximo boletín			Ini Equipos	No próximo boletín		
CATEGORÍAS OFICIAIS							
F15	10.3	280	13	M15	11.2	360	11
F17	11.2	360	11	M17	11.8	450	14
F20	11.8	450	14	M20	21.4	710	18
Élite F	21.4	710	18	Élite	25.3	760	21
F21	11.8	450	14	M21	19.5	640	19
F40	19.5	640	19	M40	21.4	710	18
F50	11.8	520	14	M50	19.5	640	19
F60	11.2	360	11	M60	11.8	450	14
Abs Parellas	19.5	640	19	E-Bike	21.4	710	18
Escala: No boletín final							
Tamaño de mapas: No boletín final							

TEMPOS MÁXIMOS DE CARREIRA TODAS AS CATEGORÍAS

Establecese un tempo máximo de carreira de **180 minutos**.

COMENTARIOS DO TRAZADOR

Elementos do mapa destacadoss a ter en conta:

- A **lectura de ciclabilidade e desnivel** serán fundamentais á hora de decidir o trazado ideal entre cada punto da carreira. Hay navegacións moi longas con moitas eleccións de ruta. Recórdase que a equidistancia é de 10 metros.
- Sair dos camiños non está permitido salvo nas zonas marcadas cos (xa habituais) símbolos laranxas (**826 a 830**), aínda que na maior parte dos casos non é preciso nin ventaxoso empregalos.
- Empregouse o símbolo de obstáculo (**717**) para indicar unha árbore atravesando o camiño, un pequeno cortado no camiño ou unha zona de moi difícil paso. Será fácil pasar coa bicicle0ta da man, pero moi difícil ou imposible montado.
- Están pintados pequenos surcos de erosión (**108**) que poden ser confundidos con camiños no terreo pero non o son, está prohibido circular por eles.



PRESAÍDA

Existirá un chamamento de presaída de 10'.

SAÍDA	CATEGORIAS	DISTANCIA	DESNIVEL	TEMPO
1	Todas	200 m	20 m	10min



8. CATEGORÍAS E PARTICIPACIÓN

Seguindo os criterios do **Anexo I** do [Regulamento de Orientación MTBO](#) establécense as seguintes categorías:

Categorías non oficiais:

Promoción: sen límite de idade.

Iniciación equipos: sen límite de idade.

Categorías oficiais:

M-15, F-15: nados en **2009** ou posteriores.

M-17, F-17: nados en **2007** ou **2008**.

M-20, F-20: nados en **2004**, **2005** ou **2006**.

E, F-E: categorías absolutas, sen límite de idade.

M-21, F-21: sen límite de idade.

M-40, F-40: nados en **1984** ou anteriores.

M-50, F-50: nados en **1974** ou anteriores.

M-60, F-60: nados en **1964** ou anteriores.

Absoluta parellas > 2 deportistas de calquera idade e xénero.

E-bike > de calquera idade e xénero.

9. INSCRICIÓNS

Galegos federados a través do sistema de inscrición da [intranet da FEGADO](#).

Os deportistas **non federados** a través do sistema de inscrición da [intranet da FEGADO](#), creando unha conta na [intranet de FEGADO](#).

Os **federados nacionais, portugueses e estranxeiros** deberán inscribirse a través do [formulario](#) disponible na web do club raza palleira.



10. PREZOS

Federados/as categorías **M/F-20 e inferiores: 7 euros.**

Federados/as categorías **M/F-21 e superiores: 10 euros.**

Non Federados/as, con licenza de proba e participando en Promoción ou Iniciación Equipos: **10 euros.**

- ❖ Recargo por inscrición fóra de prazo: + 100% da cota de inscrición correspondente.
- ❖ Cambio de tarxeta SI, a pagar pola persoa deportista: Unha vez pechadas as inscricións: **2 euros.** O día da carreira: **5 euros.**
- ❖ Alquiler tarxeta SportIdent (cronometraxe): **3 euros.**

Pago das inscricións:

O pago das **inscricións individuais** realizarase a través da pasarela de pago específica da proba na web do club Raza Palleira.

No proceso de pago os deportistas da categoría “**iniciación equipos**” cubrirán os datos solicitados para inscribirse como equipo. Os federados que se inscriben na categoría “**absoluta parellas**” deberán comunicar ao club organizador tras a inscrición a parella do equipo enviando mail a razapalleira@razapalleira.com

Os **clubes** realizaran o pago único conxunto das súas inscricións de forma clásica mediante transferencia bancaria.

Datos bancarios para o pago das inscricións:

TITULAR: Clube Orientación Raza Palleira.

ABANCA IBAN: **ES32 2080 5052 1630 4005 2128**

CONCEPTO: “Nome do club - MTBO Campionato Xunta”

Unha vez realizado o pago, enviar copia do xustificante ao correo de Clube razapalleira@razapalleira.com

Poderá solicitar factura, do mesmo xeito adxuntado os datos fiscais, para a súa tramitación.



11. NORMAS ESPECÍFICAS DA PROBA E RECOMENDACIÓNS

- Sistema de cronometraxe electrónico empregado **SPORTident AIR+**, para todas as categorías (BS11-BS con picada a <180cm). Obrigatorio o uso de **SIAC** (a organización dispón de tarxetas para o aluguer). Non é posible facer picada manual (sen AIR), só se poderá empregar a picada clásica no mapa se a estación SI falla. Recorda [aquí](#) o protocolo AIR+.
- A persoa que alugue tarxeta electrónica, comprométese a aboar o importe da mesma en caso de perda ou deterioro.
- É responsabilidade do deportista **comprobar o estado da batería** antes da carreira para o que se habilitará a estación correspondente.
- En caso de **abandono**, é obrigatorio pasar por secretaría para proceder ao aviso e descarga Sportident.
- Ningún corredor poderá tomar a saída sen o seu **dorsal**, debidamente colocado na parte frontal da bicicleta.
- A bicicleta deberá ser de tipo **bicicleta de montaña** en bo estado de funcionamento Art 24.6.
- Ningún corredor poderá tomar a saída sen **casco** homologado Art 24.5.
- Está prohibido circular en bicicleta fora dos sendeiros e camiños Art 20.4
- Quedán prohibidas as axudas á navegación con dispositivos **GPS** instalados na bicicleta Art 24.4.
- A maior parte do bosque é terreo privado ou mancomún. Respetar a propiedade privada.
- A carreira establécese con **tráfico aberto**, circula nas zonas asfaltadas con precaución cumprindo as normas de circulación, utiliza o lado dereito da calzada e pistas durante a proba ante a posibilidade de cruce con outros deportistas e vehículos, nas interseccións incrementa a precaución. Algúns camiños que non están asfaltados poden ter tráfico de vehículos a motor (coches e motos). En calquer lugar pode haber outros usuarios a pe, en bicicleta, con cans, etc. Tenta ir en todo lugar polo **lado dereito**.
- Os competidores teñen a obriga de **axudar** as persoas que así o precisen en caso de accidente, lesión ou indisposición.



12. INFORMACIÓN DE SEGURIDADE

No boletín final.

13. XURADO TÉCNICO

No boletín final.

14. EQUIPO DE ORGANIZACIÓN

Director da proba: Antonio Domínguez Portas

Director técnico: Xoel Chamorro García

Técnicos Sportident: Alicia Pérez Alonso e Adrián Pérez Alonso

Cartografía: Adrián Pérez Alonso

Trazadores: Adrián Pérez Alonso e Gonzalo Fernández Casalderrey

Seguridade: Alfonso Gallo Bueno

Xuiz controlador: Javier Alvelo Fraguela

15. CONTACTOS

razapalleira@razapalleira.com  [@raza.palleira](https://www.instagram.com/raza.palleira) Teléfono **613047879**

16. ORGANIZADORES / COLABORADORES / PATROCINADORES

